



XORNADA PRÁCTICA DE PRL DA XESTIÓN DA VIOLENCIA FÍSICA EN ENTORNOS LABORAIS

MODALIDADE: PRESENCIAL

NÚMERO DE HORAS: 8

LUGARES DE IMPARTICIÓN: A CORUÑA E OURENSE

EDICIÓNS: 2

INSCRICIÓNS:

DATOS REQUERIDOS: Nome e apelidos, n.º DNI, teléfono de contacto e nome do sector no cal traballa.

DESTINATARIAS/OS E NÚMERO: Persoas traballadoras, de calquera sector produtivo de Galicia, polos que, pola súa dedicación ou actividade laboral, poidan sufrir accións de violencia ou agresións físicas nos seus contornos laborais.

DESCRICIÓN:

Os traballadores por conta allea así como os de por conta propia, correspóndelles tratar cun gran número de persoas diariamente. Este elevado trato cos usuarios que requiren unha atención ou solución aos seus problemas propicia que unha porcentaxe non está de acordo co trato ou resposta recibida, derivando ás veces nalgunha forma de violencia.

Doutra banda sabemos que o entorno laboral ten unha tendencia natural a cooperación e resolución de problemas, pero tamén e verdade que en ocasións, pode levarnos a situacións de crispación onde podemos ser moi crueis uns cos outros chegando mesmo á agresión física.

Ademais, a relación cos compañeiros de traballo, xefes ou supervisores, así como cos usuarios ou destinatarios da nosa actividade laboral, son actividades que facemos a diario, o que fai medrar esa porcentaxe nomeada anteriormente.

A agresión, do tipo que sexa, é un problema serio que debe detectarse o antes posible, xa que o dano que pode recibir a vítima poder ser considerable, e incluso pode chegar a converterse nun problema maior. Dende chegar a ter medo a “acudir ao traballo” ou crer que como persoal laboral ou funcionario estás obrigado a “aguantar o que che boten”. Ademais, isto pode provocar que se acabe interiorizado a mensaxe do medo ou de “non son capaz”, chegando á depresión. A Organización Mundial da Saúde (OMS) afirma que máis do 5% dos adultos do mundo sofre por depresión, e que é a principal causa mundial de discapacidade.

Todo isto lévanos a unha reflexión, como é a de capacitar aos traballadores e traballadoras para que dispoñan dunhas pautas ou protocolos de marcado carácter práctico que lle permitan prever, detectar, actuar e xestionar estes graves riscos laborais de carácter psicosocial.

BLOQUE DE CONTIDOS.

I. Pautas para a identificación e o procedemento de actuación ante as Condutas Desafiantes Físicas, tanto entre compañeiros, como na prestación de servizo a os usuarios.

II. Principios e tácticas para xerar submisión voluntaria en situacións tensas como pode ser un cliente, usuario ou compañeiro alterado.

III. Técnicas de evasión, soltas e esquivas con compañeiros ou usuarios que crucen a fronteira do contacto físico.

IV. Análise de situacións de agresións e ferramentas para xestionalas.

V. Ferramentas e técnicas para fortalecer a autoestima, empatía e autocontrol.

VI. Xestión dos conflitos derivados das ameazas ou agresións xurdidas nas contornas laborais.

AVALIACIÓN E CERTIFICACIÓN:

Os asistentes que, cumprindo co requisito de asistencia a esta actividade segundo a orde que regula esta convocatoria, recibirán un diploma acreditativo da súa asistencia.

co financiamento de

